

ROGO DE AER SOBRE Á REHABILITACIÓN E MELLORAS DA PONTE VIADUCTO DE PONTEVEDRA (Rex. Entrada 19.04.2018, 2018-E-RPLN-10).

PLENO 04 XULLO 2018. ACTA 09/2018

O Sr. Covelo dá lectura dos seguintes rogos:

“No que respecta ás obras de rehabilitación e mellora da Ponte de Ferro ou viaduto de Pontevedra, nos piares de pedra están aplicando morteiro para o encintado das xuntas das pedras. Tal como se pode observar estes días no piar que se atopa a carón da estrada “nacional”, o encintado resultou ser moi chamativo, e sobre todo, supón un cambio importante sobre a imaxe que se tiña deses piares.

Por todo o mencionado,

ROGAMOS que por parte do goberno local fagan unha revisión do proxecto de actuación na Ponte viaduto de Pontevedra no que respecta aos acabados e intervencións nos piares de pedra para determinar se o resultado que se observa corresponde co planificado e o autorizado polos organismos competentes. De non ser así rogamos o poñan en coñecemento da administración responsable para que tome as medidas oportunas ao respecto.”

Resposta: sr. González Barbeiro: estase facendo seguimento das obras, Patrimonio está facendo o seguimento.